



Concello de Monterrei

Bases do VI concurso de postais de Nadal.

Poderán participar todos os nenos e nenas do CEIP de Medeiros, do CRA Monterrei e da casa niño ALOUMIÑO.

Tema: "O Nadal".

As postais realizaranse sobre cartulina A5.

A técnica empregada é libre (cor branco e negro, collage, ceras...).

Poden utilizarse só imaxes ou estas combinadas con texto.

A postal irá asinada polo alumno ou alumna no reverso, será imprescindible indicar nome, apelidos, idade e curso do/a participante.

O prazo de presentación das postais finalizará o día 9 de decembro.

Establecense tres categorías por tramos de idades:

- Ata 5 anos.
- De 6 a 8 anos.
- De 9 a 12 anos.

Haberá un premio por categoría e estará integrado por material escolar.

O xurado, que estará formado por un representante do Concello de Monterrei e un/unha pai/nai nomeado/a polas ANPAS de ambos centros educativos. (non podendo emitir voto a favor de familiares seus); Pronunciarase sobre os premios o día 11 de decembro.

As postais gañadoras quedarán en propiedade do Concello de Monterrei que se reserva o dereito de utilizalas como felicitacións de Nadal. Ademáis realizarase unha exposición con todas as postais participantes.

A entrega de premios aos tres gañadores realizarase no Concello de Monterrei.

A participación neste concurso supón a aceptación das bases.

O alcalde

José Luís Suárez Martínez.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Cod. Validación: 5PF7DWZ529XXS3WKA6WS573W | Corrección: <https://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1